



RESULTADO 2ª ASEMBLEA EXTRAORDINARIA CURSO 2017-2018

O día 07/03/2018 celebrouse a 2ª asemblea extraordinaria do curso 2017-2018 onde se tratou de novo, como único punto da orde do día, o servizo de comedor xestionado pola Anpa para o vindeiro curso 2018-2019.

A directiva da Anpa explicoulles a todas as persoas socias que asistiron os pasos que demos despois da anterior asemblea extraordinaria (31/01/2018) ademais de transmitirlles que se conseguiran 20 prazas máis na Escola de Hostelería para os vindeiros cursos (160 en total).

Como medida temporal, ata que se solucione o problema de falta de espazos para dar cabida a tod@s@s que necesiten facer uso do servizo de comedor, esta asemblea chegou ao seguinte acordo, con 40 votos a favor (un deles por delegación) e 2 en contra:

1. Revogar a votación da asemblea anterior de non admitir novos usuarios de comedor para o curso 2018-2019.
2. No caso de que non sexan suficientes as prazas de comedor para todos os solicitantes, someteremos a tod@s@s os soci@s que soliciten praza de comedor ao seguinte baremo:

DÍAS DE USO DE COMEDOR POR USUARIO AO ANO DURANTE O CURSO ANTERIOR	PUNTOS
de 160-180	10
de 140-160	9
de 120-140	8
de 100-120	7
de 80-100	6
de 60-80	5
de 40-60	4
de 20-40	3
de 0-20	1
SOCIO NO CURSO ANTERIOR	1
IRMÁN/Á USUARIO/A DE COMEDOR NO CURSO ANTERIOR	2

Este baremo será empregado no próximo curso escolar 2018-19 e seguintes, ata novo acordo da ANPA do Ceip Lamas de Abade.

* Unha vez asignadas as prazas de maior a menor puntuación, no caso de que haxa **empate**, utilizaremos a letra do apelido que saíu no sorteo público que realizou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para resolver os desempates na puntuación final da orde de admisión do alumnado. Para o curso 2018-2019, teremos en conta a Resolución do 27 de febreiro de 2018 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos:

Para o curso escolar 2018-19 as letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son as letras "Z" e "T"; así mesmo, afectan ao segundo apelido as letras "C" e "J".

NOTA: a data que imos ter en conta para puntuar o apartado "socio no curso anterior" é a da anterior asemblea extraordinaria (31/01/2018). Para ter en conta o de "usuario de comedor durante o curso anterior", imos tomar de referencia a data da asemblea do 07/03/2018. Este baremo será de aplicación nos cursos seguintes considerando no seu momento o criterio de desempate que empregue a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para resolver os desempates na puntuación final da orde de admisión do alumnado.